

HOXE ESCOMENZA EN POIO O I CONGRESO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

● DIESTE, CARBALLO CALERO E
PEXEGUEIRO INTERVIRAN NA SESION DE
APERTURA

POIO- PONTEVEDRA. (Por GUILLERMO CAMPOS)

Coa pretensión de afondar na problemática da lingua e a literatura galegas e os seus protagonistas e coa preocupación de que o encontro derive cara a prantexamentos políticos, escomenza hoxe en Poio o primeiro congreso de escritores en lingua galega que conta, entre outros, coa apoio de FARO DE VIGO, a primeira oportunidade pra encarar como está o panorama e deixar sentadas as bases do futuro, nun intre de acusadas diferencias de conceptuación entre lingüistas e literatos, independentemente das reivindicacións cara aos estamentos oficiais.

Todo está preparado pra este importante encontro, que terá de ser clausurado no serán do luns. Esperase a chegada, a primeiras horas da máan de hoxe, do centro de escritores que teñen anunciada a sua presencia. As once será a sesión de apertura, e partires de ahí o desenrolo das diversas ponencias, conferencias, coloquios, etc, que conforman o apretado programa destes tres días.

“O que sea sonará”, parece ser a socorrida frase que dalgún xeito resume as incógnitas conque se presenta o congreso, incógnitas sempre presentes ali onde concorre o mundo da intelectualidade. Nembargantes, as coordenadas pasan, de entrada, polas posturas que poidan adoptar o sector lusista, que estará representado a nivel formal por Xosé Ramón Pena e con dúbidas sobre da asistencia de Gil Hernández, un dos que más ven destacando na defensa da metamorfosis do galego cara o portugués de Rodrigues Lapa.

Ademais das claves do grupo reintegracionista, habería que suliñar nestas primeiras impresións as que pasan polo grupo “Galaxia-piñeirista” que se amosou un tanto reticente diante desta convocatoria e de feito faltarán a cita varios dos seus principais achegados. As posturas conservadoras e continuistas poderán ter a alternativa cara a novas formas de expresión e a promoción de nova xente.

Non se escapa que o congreso poida derivar cara contidos netamente políticos. Feitos como que escritores e lingüistas situados na órbita do bloque pedirá recentemente o seu ingreso na Asociación de Escritores de Lingua Galega –entidade que, con carácter aberto convoca o encontro– fai sospeitar que se fará notar prantexamentos con ese carimbo. A presencia, por outra banda, dun escritor político tan significado como Méndez Ferrín, fixo xurdir inclusive algunas reticencias arredor do anagrama do congreso que fai lembrar –pola esperal, sobre de todo– o de Galicia-ceibe, inda que esa coincidencia non ten interrelación e non pasa pois de pura conxetura según se pode deducir do xeito en que foi feito o tal anagrama.

Cecais e mais o temor de politización –politización per se, pois é lóxico que nos prantexamentos haia conceptuacións políticas– que a que o cabo se veña producir, pois por enriba de todo a temática incide sobre de problemas concretos e puntuais da lingua galega e dos seus literatos como se comproba na temática das ponencias e conferencias. Non se pensa que os escritores poidan cair no error de protagonismos políticos en vez de afondar na defensa dos problemas, ou en preocuparse polo anecdotico marxinado o fundamental inda que se veña sendo muy proclives, en todos os eidos, a ises procederes.

Por fora de esas conxeturas e coordenadas de fondo que sairán ou non a superficie, si vai ter este congreso un man a man entre lingüistas e escritores. Pode analizar os por ques e sas saídas a marxinación da literatura galega, problemas como o da subsistencia dos escritores; o achegamento as áreas luxo-brásileiras; o futuro das culturas minoritarias frente os grandes monopolios culturais, o “ser ou non ser” dos protagonistas e caciques culturais; o relevo no control da nosa cultura ou mais ven a polarización dises controles. O que sea, pois, sonará.

As nove da mañán, recepción, as once apertura do congreso coa intervención dos escritores Rafael Dieste, Ricardo Carballo Calero e dun representante da directiva da Asociación de Escritores, posiblemente Alfonso Pexegueiro, o home que fixo todo e de todo para montar o encontro.

As doce, abordarase o mundo da narrativa, ao traveso de poencias de Basilio Losada (“narrativa galega actual”) e Pilar García Negro (“A presencia do noso idioma e da nosa literatura no ensino”).

As catro do serán incidirase sobre do escritor e o entorno social con ponencias de Camilo Valdeorras (“Subdesarrollo e porvir da lingua galega”) e Xosé L. Méndez Ferrín (“De escritores galegos”).

As seis escomenzarase a analise da situación da literatura galega e do escritor. Presentan ponencias X. Ignacio Taibo (“A subsistencia do escritor”); Pilar Vázquez Cuesta (“Problemas da literatura galega cara a sua proxección exterior; traducións e mercado nos países de fala luso-brásileira”).

O derradeiro acto da xornada escomenzará as 8 do serán: unha conferencia-coloquio cos escritores portugueses Casimiro de Brito, representante da Asociación Portuguesa de Escritores e don pen portugués; José Augusto Seara, do Movimento da Nova Renascença, e Egídio Gonçalves representante da Sociedade Portuguesa de Autores, ademais de Manjel Ferreira, da revista “África”.